




## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO  
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax 981 516 045  
Web: www.concellodeboimorto.es



### REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).

**CERTIFICO:** Que o Alcalde con data tres de xullo de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 320 / 2015 **Data decreto:** 03/07/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais subvencionado pola Xunta de Galicia.

### DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dun socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais como persoal laboral temporal, subvencionado pola Xunta de Galicia, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 277/2015, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 03/07/2015.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como socorrista a Alfonso Félix Novo Sandá con DNI 46909006T.

**SEGUNDO.-** Sinalar que a documentación que se esixe ao interesado para formalización do contrato relacionada na base quinta foi presentada na data de hoxe con rexistro de entrada número 1677 e que comprende os seguintes documentos:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro.

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativo para que se tramite, presentada a documentación requirida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 04/07/2015.

Boimorto tres de xullo de dous mil quince

O Alcalde


Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Perante min:  
A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Boimorto a tres de xullo de dous mil quince.

Vº Pr.  
O Alcalde



Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

